



Valdoviño



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRINTA E UN DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000028

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día trinta e un de agosto de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 460 de data 30 de agosto/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 10.08.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 10.08.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/27.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/27.

Elabórase a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/27 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 13 facturas ascende á cantidade de CENTO OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (181.275,89 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/27 por importe bruto de 181.275,89 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000119).

3º.- APROBACIÓN DAS PROPOSTAS DE ACTIVIDADES DA ÁREA DE CULTURA QUE SE RELACIONAN NO PERIODO COMPRENDIDO ENTRE O 30 DE XUÑO E 30 DE SETEMBRO DE 2023.-

PROPOSTA PROGRAMA VERÁN 2023 XGL

“CONCELLO DE VALDOVIÑO. ÁREA DE CULTURA

Tendo en conta o desenvolvemento da política cultural do equipo de goberno do Concello de Valdoviño e atendendo ás directrices que subxacen de propor unha programación cultural diversa, que achegue a todo tipo de público e contemple todas as modalidades artísticas poñendo en valor a celebración de festas cíclicas, a celebración de efemérides contempladas nos calendarios institucionais, o mantemento da tradición e a promoción de eventos e actividades que poidan encher o calendario de ocio no ámbito social e cultural da poboación veciñal e daqueles que acuden ao noso concello como turismo sostible avogando en todo caso por pór en valor as costumes, a lingua, a tradición, a comunicación e a convicencia interxeneracional así como a procura de comunicación entre xentes, a igualdade, o prestixio da lingua galega e a propia idiosincrasia

PROPONSE

A aprobación das propostas de actividades que se seguidamente se relacionan correspondentes ao no período comprendido entre 30 de xuño e 30 de setembro de 2023

EMPRESA ENTIDADE	ESPECTÁCULO	OBJECTO	IMPORTE	CIF/NIF	PÚBLICO	DATA	PROGRAMA	SUBVENCIÓN
Artefeito Producións S. Coop. Galega	SOÑO S. UNHA OBRA PARA MUDAR A MIRADA	Comezo programa verán	1.210,00	F70586763	ADULTO	30/06/2023	TEATRO	NON. CACHET DISTRIBUCIÓN INTERNA
Panadería Meirás	EXPOSICIÓN	Inauguración	40,00	B1579	XERAL	04/07/2	EXPOSICIÓN	NON

	A4MANS”	“ exposición		1676		023	ÓNS	
Panadería Meirás	EXPOSICIÓN “ O REFLEXO DO MAR”	Inauguración exposición	40,00	B15791676	XERAL	28/07/2023	EXPOSICIÓN	NON
Mr. Misto Pro and Services S.L.	MATRIA	CINEMA AO AIRE LIBRE	847,00	B94173705	ADULTO	13/07/2023	CINEMA	NON
Mr. Misto Pro and Services S.L.	LOS OLCHIS	CINEMA AO AIRE LIBRE	1.140,00	B94173705	INFANTIL	21/07/2023	CINEMA	SÍ. Rede Cultural da Deputación Provincial. Sub. 60%=684,00 euros
FRANCISCO GÓMEZ SEJO	BROKEN PEACH	MÚSICA . Colaboración do Concello na II edición do Lago Fest	7.744,00	50297676 B	XERAL	22/07/23	LAGO FEST	SÍ. Rede Cultural da Deputación Provincial. Sub 60% = 4.646,40 eu
BRAIS PIÑEIRO	EXPOSICIÓN “O REFLEXO DO MAR” E CONCERTO DE BRAIAN DE PALMA	Actividade da Festa de Interese Turístico de Galicia	1.222,10		XERAL	28/07/23	Festa de Interese Turístico de Galicia. Pantín Classic Galicia Pro	Subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia
JAIME PABLO DÍAZ RODRÍGU	FESTIVAL DE DANZ	DANZA. Festival de danza	4.300,00	B-70342464	XERAL	30/07/2023	Proxecto para consolidar FESTIVAL	NON.

EZ. NOVA GALEGA DE DANZA	A Blues de median oite+N exos+A lex)						DE DANZA	
DAVID MERELAS FIGUEROA	PEQU E DISCO MOC MOC	Escenario s Paralelos de 0 a 100	792,00	██████ ██████	Familiar	03/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa "Escenarios Paralelos de 0 a 100" e acceder a medio prazo a subvención	NON. Foi solicitado en rede cultural 2023 un espectáculo da mesma empresa cun importe de 998,00 euros pero non foi concedido
CONSUEL O VICENTE AMEAL CULTURA CTIVA S. COOP. GALEGA	SEMP RE ARRIB A! HOXE SÍ. Aéreos de Marta Iglesias	Escenario s Paralelos de 0 a 100	1.573,00	F1598 3067.	Familiar	04/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa e acceder a subvención	NON. Foi solicitado en rede cultural 2023 un espectáculo da mesma empresa cun importe de 1573,00 euros pero non foi concedido
Miren Mirari Urruzola Tolosa	FEIRA DAS SEME NTES	Escenario s Paralelos de 0 a 100	825,00	██████	Infantil	05/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa e acceder a subvención	NON. Foi solicitado en rede cultural 2023 este mesmo espectáculo cun importe de 825,00 euros pero non foi concedido
CRISTINA FIAÑO RODRÍGU EZ URDIME S.Coop.	TEAT RO GHAZ AFEL HOS. AS	Escenario s Paralelos de 0 a 100	1,400	F- 70353 982	Familiar	05/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa e acceder a	NON. Foi solicitado en rede cultural 2023 este mesmo espectáculo cun

Galega	MINA S DO REI SALO MÓN						subvención	importe de 1.400,00 euros pero non foi concedido
ISABEL GARCÍA COLDEIRA	TRÉC OLA PROD UCIÓN S: “TEAT RO GUIÑ OL	Escenario s Paralelos de 0 a 100	544,50		Familiar	06/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa	SI. Rede Cultural da Deputación provincial 2023. Subvención 60% = 326,70
XOSÉ E. CARBAJA L PORTO. MALASO MBRA PRODUCI ÓNS SL	MALA SOMB RA PROD UCIÓN S. “HABE AS CORP US”	Escenario s Paralelos de 0 a 100	2.541,00	B7019 5722	Xeral	06/08/2 3	Proxecto para consolidar festival de rúa e acceder a subvención	SI. Rede Cultural da Deputación provincial 2023. Subvención 60% = 1.524,60
XABIER DÍAZ CARRO	XABIE R DÍAZ E ADUF EIRAS DE SALIT RE “AS CATE DRAIS SILEN CIADA S”	VERÁN FESTA PATRON AL	13.860,00		Xeral	20/08/2 3	Festas patronais	SÍ. Rede Cultural da Deputación provincial 2023. Subvención 60% = 8.316,00
AA.VV OU AA.CC LAGO	CANT AREIR AS LAGO	TELONE IRAS XABIER DÍAZ	500,00		Xeral	20/08/2 3	Festas patronais	NON.
		PRODUC IÓN TELONE	200,estim ado		Xeral	20/08/2 3	Festas patronais	NON.

		IRAS						
NAVE DE LATA SOC COOP. GALEGA	JAZZ DE RÍA. ROTEI RO MUSIC AL E CONC ERTO DE NAST ASIA ZÜRC HER	Integrarse con outros concellos no programa JAZZ DE RÍA	4658,50	F7292 8997	Adulto	21/08/23	Jazz de Ría	NON.
EUROPA DIREC A CORUÑA	A MAXI A DE EURO PA	Rede Europa no teu Concello	Gratuito		Xeral	23/08/23	Rede Europa no teu concello	SÍ. Europa Direct A Coruña
CONSUELO VICENTE AMEAL CULTURA CTIVA S. COOP. GALEGA	NAUT A. "A BARC A DO INFER NO"	Actividade da Festa de Interese Turístico de Galicia	4.500,00	F1598 3067.	Adulto	25/08/23	Festa de Interese Turístico de Galicia. Pantín Classic Galicia Pro	SÍ. Subvencións para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia
MANUEL COUCE VIGO	Escenar io para actuación Xabier Díaz e imprevistos	Equipamento	2000,00	████████	Xeral	20/08/23	Verán Festa Local	Non
MANUEL COUCE VIGO	Cadeiras para actuacións verán	Equipamento	600,00	████████	Xeral	Varias datas	Verán	Non
AUTOS CAMILO S.A	AUTO BÚS lanzade	Organización	253,00	A1504 6261	Adulto	21/08/23	Jazz de Ría	NON.

	ira roteiro JAZZ							
III CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CONCELL ODE VALDOVI ÑO 2021	Premio Concell o de Valdov iño: 1000,0 0 eur 2º premio : 500,00 eur 3º Premio: 300,00 eur Premio Local : 200,00 eur Outro pendent e: 150,00 eur.	Convocat oria bianual do certame	2.150,00		Adulto	26/08/2 3	Convocatori a de concursos e certames Concello de Valdoviño	Non.
Asociación Cultural Titerario	Compa ñías de TÍTTER ES interna cionais	Anual	2.500,00 estimado	G7202 3831	Escolar E Familiar	22/09/2 3 E 23 /09/23	FESTIVAL INTERNAC IONAL ENTES ANIMADO S	NON
VARIOS PROVEED ORES	XXI ANDA DA A SANT OAND RÉ DE TEIXI DO	Andada anual	4000,00 estimado	Varios	Maiores de 12 anos	30/09/2 3	ANDADA ANUAL A SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO	NON

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 12 de xullo de 2023.

O alcalde:
Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2022/X999/000095).

4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “REFORZO DE RODADURA NO CAMIO DE ACCESO A OUTEIRO” AGADER 2023.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA.

“Visto que AGADER concede a este Concello unha subvención para a obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO.**

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto simplificado factor prezo.

Vista a providencia de Alcaldía.

Visto o informe de secretaría e de intervención, así como o informe do arquitecto municipal de data 16/06/2023, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, factor prezo, tramitación urxente, da obra **PROXECTO REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE ACCESO A OUTEIRO**, polo prezo de **55.877,56 euros**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **11.174,29 euros**, o que supón un total de **67.611,85 euros**.

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal de data 16/06/2023 .

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación. A adxudicación quedará **CONDICIONADA** á obtención das autorizacións necesarias sen que poida adxudicarse definitivamente ata obtención das mesmas.

CUARTO: Autorizar con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2023.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2022/C003/000002).

FORA DA ORDE DO DÍA

Pola Presidencia presentase por via de urxenza, os seguinte asuntos:

.- Expediente de contratación: “Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en a Costeira” POS +2023.

.- Expediente de contratación: “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o campo de fútbol nunicipal de Mourente”

. Ratificada a urxenza por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, inclúese estes asuntos coma puntos Fóra da Orde do Día

.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA” POS + 2023

PROPOSTA DA ALCALDÍA.

“Visto que a Deputación provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2023) para a obra, **REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA.**

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto con varios criterios.

Vista a providencia de Alcaldía.

Visto o informe de secretaría e de intervención, así como o informe do arquitecto municipal, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación ordinaria, da obra **REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA**, polo prezo de 94.685,04 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 19.883,86 euros, o que supón un total de 114.568,90 euros.

SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2023.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia TEDEC. 2022/C003/000003

-EXPEDIENTE DE OBRAS: “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE MOURENTE”. RENUNCIA DO ADXUDICATARIO. -

Expte.: 2020/C003/000005

En data 20 de xullo de 2023 apróbase en Xunta de Goberno Local a proposta da aprobación da adxudicación da obra. “”Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol de Mourente” co seguinte contido literal:

“

3º.- EXPEDIENTE OBRA: “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE”.-

Extpe: 2020/C003/000005

Obra: Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol municipal de Mourente”; incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+2020) e financiada ao 100% pola Deputación Provincial.

Proxecto redatado por: Rubén Fernández Lombardero, colexiado 3.870 do COAG.,

Prezo sen IVE: 106.976,32 €

IVE: 22.465,03 €

Importe total proxecto: 129.441,35 €

En Xunta de Goberno Local de data 01.10.2020 adxudícase á empresa **A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A** por: Prezo sen IVE.- 90.394,99 euros; IVE.- 18.982,95 Euros. **Total 109.377,94 euros;** e con prazo de execución de **CATRO (4) MESES.**

Apróbase Certificación nº 1 de importe total 10.008,20 Euros por acordo de Xunta de Goberno Local en sesión de 12.05.22 que se remite á Deputación Provincial e se aproba polo Organismo Provincial o seu pagamento.

En data 13.12.2022 a empresa adxudicataria presenta escrito no que **solicita a resolución do contrato por mutuo acordo**, sen penalización algunha e devolución do aval logo de evaluar os prezos do proxecto e vendo a inflación xerada no país pos-pandemia, detectando que executar a obra con ditos prezos é inviable na actualidade.

Indica que en pro de querer afrontar dita responsabilidade, aplicaron ou solicitaron unha revisión dos prezos para con elo avaliar unha segunda alternativa. Que se observou tras un breve cálculo, que tampouco así se alcanzaría os prezos mínimos.

Tramitado expediente de resolución de contrato (Ref.2023/C008/000002), a Xunta de Goberno Local en sesión de 02.02.2023, acorda a resolución do contrato solicitado pola adxudicataria e realizar os trámites tendentes á adxudicación da obra co seguinte licitador que presentara a oferta máis vantaxosa, polo importe e prazo de execución, tendo en conta o informe do director de obra.

Considerando a valoración das ofertas, feitas para a Adxudicación co Programa de Valoración de Ofertas da deputación Provincial da Coruña, empregando como prezo de licitación a cantidade do proxecto sen IVE: 106.976,32 euros, no que resultara:

CIF: B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCION SL:
100% Factor prezo . Valor introducido polo licitador: 103.689,98 Baixa (%).- 3,07.-
Puntuación: 14,33

CIF: B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:
100%- Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 103.520,98 Baixa (%) 3,23.-
Puntuación: 15,07

CIF: B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.:
100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 106.174,0 Baixa (%) 0,75
Puntuación: 3,50

CIF: A15352735 EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.:
100% Factor prezo. Valor introducido polo licitador: 90.394,99 Baixa (%) 15,5
(Temeraria).- Puntuación: 71,50

CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL:
100% Factor prezo Valor introducido polo licitador: 95.065,84 Baixa (%) 11,13.-
Puntuación: 51,94

O licitador coa oferta máis vantaxosa resulta ser CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL.

Visto o informe do director de obra de data 27 de xaneiro de 2023, no que indica:
“...
Se realiza el presente informe en el que quedan reflejadas todas las obras que figuran en el proyecto de obra y que non han sido certificadas hasta la fecha, siendo el resumen el siguiente:

Presupuesto ejecución material.....	81.670,48
13% de gastos generales.....	10.617,16
6% de beneficio industrial.....	4.900,23
Suma.....	97.187,87
21%IVA.....	20.409,45
Presupuesto de ejecución por contrata.....	117.597,32

Asciende el presupuesto de ejecución por contrata a la expresada cantidad de CIENTO DIECISIETE MIL QUINIENTOS NOVENTA Y SIETE EUROS CON TREINTA Y DOS CÉNTIMOS.

El PEM anteriormente indicado (81.670,48E) es fruto de restarle al PEM del proyecto (89.896,07€) el PEM certificado hasta la fecha (8.225,59€).

Es decir, $89.896,07 - 8.225,59 = 81.670,48€$.

Que en el caso de que la administración opte por la opción de realizar una nueva adjudicación de las obras pendientes, se estima un plazo de ejecución de CUATRO (4) MESES.

Que, en caso de que la administración opte por la rescisión de mutuo acuerdo en la que “los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas”, se considera que, previamente a la posible devolución del aval, se debería proceder a la comprobación, medición y liquidación de las obras realizadas con arreglo al proyecto, fijando los saldos pertinentes a favor o en contra del contratista.

...”

Vista a obra pendiente de ejecutar segundo o informe do director de obra aplicando o porcentaxe de baixa do 11,13% na oferta presentada pola empresa **CIF: B70018981 OBRAS GALLAECIA SL** foi a seguinte:

- a) Prezo sen IVE.- 95.065,84 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 19.963,83 Euros.
- c) Total 115.029,67 euros.

Acordouse en XGL 16.03.2023 requirirille documentación a esta empresa para a posible adxudicación polo importe de:

Importe sen IVE.- 86.370,86 euros.

IVE (21%).- 18.137,88 euros

Importe total: 104.508,74 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa GALLAECIA SL de data 31.03.2023 con núm. de rexistro 202399900000545 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Visto que a seguinte empresa coa mellor oferta é a empresa **CIF:B70538459 BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.:**

- a) Prezo sen IVE.- 103.520,98 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 739, 41Euros.
- c) Total 125.260,39 euros.

Acordouse en XGL 13.04.2023 requirirille documentación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- 94.048,70 euros.

IVE (21%).- 19.750,23 euros

Importe total: 113.798,93 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa BARNACLE OBRAS Y SERVICOS SL de data 28.04.2023 con núm. de rexistro 202399900000698 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Vista a seguinte empresa máis vantaxosa que é **CIF:B70033261 ARQUITECTURA REHABILITACIÓN MADEIRA E CONSTRUCCION SL.** coa seguinte oferta, con baixa 3,07 (%):

- a) Prezo sen IVE.- 103.689,98 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 21. 774,90 Euros.
- c) Total 125.464,88 euros.

Acordouse en XGL 25.05.2023 requirirle documentación a esta empresa para a posible adxudicación polo importe de:

Importe sen IVE.- **94.204,20** euros.

IVE (21%).- 19.782,89 euros

Importe total: 113.987,08 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Visto o escrito presentado pola empresa ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCIÓN SL de data 7.06.2023 con núm. de rexistro 202399900000931 polo que renuncia a adxudicación da obra citada.

Vista a seguinte empresa máis vantaxosa que é **CIF:B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL** coa seguinte oferta, con baixa 0,75 (%):

- a) Prezo sen IVE.- 106.174,0 euros
- b) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) Porcentaxe 21% Importe 22.296,54 Euros.
- c) Total 128.470,54 euros.

CORRESPONDERÍA a adxudicación a esta empresa polo importe de:

Importe sen IVE.- **96.458,96 €** euros.

IVE (21%).- 20.256,38 euros

Importe total: 116.715,34 euros

E cun prazo de execución de CATRO MESES.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente **PROPÓN** a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada por ARQUITECTURA REHABILITACION MADEIRA E CONSTRUCCIÓN SL no seu escrito de data 07.06.2023.

SEGUNDO.- Proponer a adxudicación da obra **á seguinte empresa máis vantaxosa, CIF:B70574397 CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL.** por importe de **96.458,96 €** euros; **20.256,38 IVE; total adxudicación contrato: 116.715,34 euros e prazo de execución de 4 meses.**

TERCEIRO.- REQUERIR a dito licitador para que no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** a contar dende o seguinte á aquel en que reciba a notificación,

PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación; do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación; incluía a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE); **aos efectos de poder serlle adxudicada a obra.**

De conformidade co punto 16.2 do citado prego, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o proposto licitador retira a súa oferta procedendo a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte.

Todo elo sen prexuízo do sinalado no artigo 71,72 e73 da LCSP.

CUARTO.- Notificar o presente acordo a de aceptación da súa renuncia, a empresa requirida CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, SL, a Arquitectura Rehabilitacion Madeira e Construcción SL e ao Director de obra Rubén Fernández Lombardero para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/

Visto o escrito de renuncia da empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL en data 30 de agosto de 2023 e co número de rexistro 202399900001378.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia presentada pola empresa CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS SL da obra “Proxecto completo de edificación de vestiarios para campo de fútbol de Mourente”, dado o tempo transcorrido dende a redacción do proxecto e o considerable incremento de costes derivado tanto da pandemia do 2020 como dos efectos da guerra de Ucraína.

Segundo.- Notificar o presente acordo a empresa Calicanto Obras y Proyectos SL e a Deputación Provincial da Coruña.

5º.-.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/